

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas e cinco minutos do día trinta de maio de dous mil catorce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, don José Víctor González Vázquez, dona Mónica Vázquez Blanco e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE ABRIL DE 2014.-

O Sr. presidente pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 30 de abril de 2014.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2013.-

A Sra. interventora dá conta da tramitación para a aprobación da conta xeral do exercicio 2013, así como do seu contido.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, cre que a conta xeral debería ser un documento tan importante como os propios orzamentos, porque se trata precisamente do desenvolvemento do orzamento no exercicio. Está claro que os orzamentos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

poden sufrir variacións ao longo do exercicio, pero cos datos dos que dispón non pode nin tan sequera debatela. É certo que lle dirán que ben puido pasar pola Deputación a vela, pero o certo tamén é que a documentación podería ter chegado a el en tempo e forma, para poder ver se había cuestións que lle puidesen chamar a atención. Seguramente que se se ve o que estaba orzamentado en gastos de protocolo, unha vez esmiazada a conta xeral, levaríamos unha sorpresa non grata para os grupos da oposición, porque se vería que se incrementou máis dun 100%. Non sabe se na documentación que lle acaban de pasar hai dez minutos ven incluída a conta xeral e tampouco sabe se hai alguén capaz de estudar esa documentación que lle acaban de pasar 10 minutos antes do pleno, desde logo o Grupo Socialista non a ten. Parécelle moi ben que se faga alarde de transparencia, pero ao seu grupo non lle parece tolerable que se lle entregue documentación dez minutos antes do pleno. Despois parece que o Grupo Socialista é o que quere torpedear todo, e iso non é así. A realidade obxectiva é que a documentación acaba de chegar ás súas mans, e debido a esta actitude a intención que tiña o Grupo Socialista era a de non asistir ao pleno. Rógalle ao presidente que non presuma nos medios e que lles pase a documentación para que a oposición poida ter a oportunidade de debater os asuntos na sesión plenaria. Anuncia que, debido a esta actitude, o seu grupo votará en contra da aprobación da conta xeral, aínda que sexa un documento contable.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, lamenta que o Sr. Gómez Pérez diga que non se lle facilitou a documentación, pero lembra que a conta xeral é o reflexo final da xestión económica desta Deputación durante o exercicio 2013. O orzamento é un documento preventivo e a conta xeral é un documento definitivo, polo que o control que debe facer a oposición da xestión económica do grupo de goberno pode facerse día a día, semana a semana ou mes a mes. De todos modos, hai unha semana que se tiveron as comisións e a conta xeral foi ás comisións do mes pasado. Todo o mundo que estivera interesado en ver a conta xeral tivo a oportunidade de examinala e presentar as alegacións que estimase oportunas, posto que estivo exposta ao público durante o prazo de 15 días e 8 máis. O presidente e o seu equipo de goberno están satisfeitos coa xestión, á marxe das críticas, feita durante o pasado ano, algo que avalan os informes técnicos que obran na conta xeral. Froito disto é o remanente de tesourería para gastos xerais que supera os dezaseis millóns de euros. Sen ningunha dúbida estase no bo camiño. Quere destacar que se está aprobando a conta xeral incluso catro meses antes da data límite que fixa o RDL 2/2004, do 5 de marzo. Queda claro que hai unha boa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

xestión política e unha boa xestión económica e administrativa. Ao 31-12-2011 o período medio de pagamento de facturas era de 140 días, hoxe estamos en 17 días. O endebedamento estaba nun 116%, hoxe está no 68% e a finais de 2014 espérase estar no 54%.

Intervén o **Sr. presidente** para aclararlle ao Sr. Gómez Pérez que a conta xeral foi ditaminada favorablemente pola comisión Especial de Contas, Facenda e Economía, da que forma parte o Grupo Socialista e que reservou o voto, con data 24 de abril de 2014. Despois foi exposta ao público durante o prazo de 15 días e 8 máis: O Sr. Gómez Pérez non pode dicir que eses documentos dos que falou son a conta xeral, xa que os ditos documentos son respostas a preguntas formuladas polo grupo, pero que non ten ningún inconveniente e darllas despois do pleno. Reitera que a conta xeral estivo a disposición de todos e se o grupo socialista asiste ou non ao pleno é unha cuestión de liberdade individual ou de grupo que o presidente non vai discutir.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que ou non se explicou ben ou no non o entenderon. El non dixo que a documentación que lle entregaron fose a conta xeral, senón que non sabía se ía nesa documentación a conta xeral. Polo menos o presidente reconece que se lle entregou a documentación dez minutos antes do pleno. En canto ao que apuntou sobre as comisións di que é o xogo de sempre. Pregúntase para que se teñen as comisións, porque o seu grupo pediu nesas comisións, con todo o dereito, que se lles entregase a conta xeral e non se lles entregou, polo que lle pide ao presidente que non lles tome o pelo dicindo o que xa saben todos os cidadáns. Isto non pasa só coa conta xeral, porque o mesmo pasa coa documentación de Aquaourense, e está impedindo o traballo da oposición. Está de acordo en que teñen a liberdade de vir ou non ao pleno, pero tamén teñen a liberdade de dicir as cousas que están mal. Pregúntalle ao presidente se é verdade ou non que pediron a conta xeral nas comisións. Non se trata do fondo da cuestión, senón da forma, e o grupo de goberno nas formas pérdese e non participan da transparencia que venden. Con todo o respecto dille ao portavoz do Grupo Popular que el non dubida dos datos (aínda que se son como os de Montoro estamos frescos) pero se hai dezaseis millóns de euros de remanente pregúntase por qué están os veciños de San Vicente todos os días reclamando que lles arranxen a estrada. Viña con ánimo de ter un pleno tranquilo e construtivo, pero ao chegar aquí atópase co de sempre: entrega de documentación dez minutos antes, tomándolles o pelo e o Grupo Socialista non está polo labor de que se lles tome o pelo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, quere matizar, porque quedan as cousas no aire e non é bo, por respecto aos cidadáns, dicíndolle ao Sr. Gómez Pérez que debe separar o que son preguntas que fai o grupo e que se lle responden, que puideron darlles esas respostas antes do Pleno, despois ou o luns. Iso non ten nada que ver coa conta xeral, porque cando se convocou a primeira comisión onde se tratou a dita conta, xa tiña toda a documentación á súa disposición. Non sabe ben qué documentación reclama da conta xeral, porque probablemente sexa máis dun metro cúbico de papel. Reitera que a ten a súa disposición non só agora, senón mes a mes e así terían a súa opinión formada cando se remata. En canto ao remanente reitera que é algo que fan os técnicos e non se poden sementar dúbidas. Eses dezaseis millóns de euros son para gastar, e gastalos ben, pero pide que lle permitan ao grupo de goberno decidir como se gastan e a oposición pode presentar as iniciativas que considere pertinentes. Parece que se quere poñer en dúbida un documento que estivo 15+8 días exposto e ninguén presentou ningunha alegación e se existe algunha dúbida pide que se argumente por qué.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo::

Primeiro.- Aproba-las contas xerais correspondentes ao exercicio 2013 de acordo co establecido no artigo 212.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Proceder á rendición da conta xeral correspondente ao exercicio 2013 ao Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 3/2014.-

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que estamos ante a terceira modificación de créditos en cinco meses, o que evidencia que o orzamento que se aproba non ten a máis mínima credibilidade ao aprobar ano si ano tamén expedientes que modifican dun xeito substancial o documento aprobado. O expediente, ao igual que os anteriores, adoece de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

concreción, polo que é difícil posicionarse sobre algo que se descoñece, polo que o BNG vai votar en contra.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, isto é máis do mesmo. Hai cuestións que son por imperativo legal, como o é a publicación da conta xeral. Outra cousa é a forma de fiscalizalo por parte dos grupos, para o que non fai falta pasar un metro cúbico de papel. Neste mundo no que vivimos os orzamentos xerais do Estado pásanse nun pendrive, polo que só hai que ter a intención de facelo, sobre todo cando un grupo a pide e o grupo de goberno comprométese a pasala. En canto ao expediente de modificación de créditos, á marxe dalgunha outra cuestión como a que afecta ao seu concello (Ribadavia), que é unha colaboración entre administracións con algo que é urxente, o seu grupo entende que é un millón de euros para actuacións das brigadas da Deputación en estradas provinciais. Nas comisións xa dixeron que se querían que tivesen a capacidade de decidir para votar a favor, en contra ou absterse nesta modificación de créditos, querían saber cales eran as estradas provinciais nas que se ía actuar e a día de hoxe non teñen nin idea de onde van destinados eses cartos. Así que o seu grupo non pode aprobar algo que non saben a que se destina. Recoñece que unha modificación orzamentaria é unha cuestión técnica e que os técnicos e funcionarios fan ben o traballo, pero a decisión política de cómo se vai gastar ese diñeiro non a coñecen. O grupo de goberno está lexitimado para gastar ese diñeiro por ser o grupo maioritario, pero despois non queren que a oposición diga as cousas e, aínda por riba, o presidente diga que a oposición só se dedica a torpedear e que son unha oposición destrutiva de séculos pasados. Pois non é así, no século no que vivimos, e se hai transparencia, a oposición debería saber en qué e onde se vai gastar o diñeiro. Agora están á espera de que se fagan as peticións a través dos portavoces do Partido Popular nos concellos onde non gobernan para vender non sabe o qué (aínda que xa explicou no seu momento que iso non vale). No seu grupo pode que se peque de inxenuos, pero parvos non son, polo tanto queren que esa transparencia que se cacarexa aquí se faga efectiva. Manifesta que o que vai dicir a continuación é increíble, pero había máis transparencia antes que agora, polo menos cando se tiñan as comisións o anterior presidente, como era unha persoa que falaba bastante, xa apuntaba por onde podía ir o gasto, e non agochaba as cartas. Este presidente fai un xogo marabilloso dicindo que a modificación de créditos vai favorecer a todos e despois resulta que sempre favorece aos mesmos. Dille ao Sr. presidente que recorra algunha das estradas, porque as hai ata sen asfaltar. Con isto quere dicir que non se pode vir aquí e pretender que o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

Grupo Socialista aprobe unha modificación orzamentaria que non sabe para que vai. Con esta actitude o Sr. presidente non demostra ningún tipo de interese nin a intención, de cara á prensa, de buscar o consenso. O Sr. presidente ten que entender que isto non é unha cuestión electoralista e nin hai a intención de torpedear, senón que debido á forma que ten de actuar o Grupo Socialista bota incluso de menos ao anterior presidente, porque é inaudito que traian unha modificación de créditos por valor de un millón de euros e non se saiba para qué, polo que o seu grupo votará en contra. Cre que o Sr. secretario recollería nas actas o que eles pediron e o único que lle vai quedar é ir coas actas das comisións á prensa para que o Sr. presidente non quede por enriba de ninguén, porque onde hai papeis calan bocas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que vai ser breve porque cada vez que se debate unha modificación de créditos neste Pleno sempre se di o mesmo por unha parte e pola outra, só cambian os números, polo que non paga a pena estenderse moito. Como ben se di na proposta da Presidencia, este expediente consiste na autorización dos suplementos de crédito que se recollen na dita proposta e no ditame da comisión informativa, que ascenden a unha cifra próxima ao millón trescentos mil euros, que se financian con parte do remanente de tesourería do ano 2013 e con ingresos procedentes da redución do capital social de Urbaourense. Por isto dille ao Sr. Rodríguez Puga que non cuestione o orzamento aprobado, xa que non se modifica ningunha partida, senón que se suplementa o orzamento. Cabe destacar que deste expediente 200.000 euros son para o predio de Armariz e 1.000.000 para reparación de vías provinciais, así como o que apuntou o Sr. Gómez Pérez para o Concello de Ribadavia. En canto ao millón de euros para vías provinciais, pode garantir que o Sr. presidente e o equipo de goberno os xestionaran conforme cos informes técnicos que se presenten. Esta provincia ten 1.840 quilómetros de vías provinciais. Pide que se fagan propostas e que non se cuestionen as que fan os representantes do Partido Popular nos concellos onde non gobernan.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que el non negou en ningún momento que fosen suplementos de créditos, outra cousa é onde se empreguen. Di tamén que acepta as propostas que faga o Partido Popular, o que pasa é que para aceptalas hai que sabelas. Se o Sr. presidente di cales son as súas neste expediente poderá aceptalas ou non, pero se non sabe cales son non pode nin aceptalas nin rexeitalas. O seu non foi o argumento de sempre, porque non se referiu en ningún momento a que fosen para concellos do Partido Popular ou non, simplemente dixo que non sabía onde se ían destinar os cartos. Quere aclarar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

que o diñeiro que se destina para o seu concello vén derivado dunha solicitude seria para algo que só queda ou pechar ou construír. Reitera o voto en contra do seu grupo e di que non desconfía dos técnicos pero si dos criterios políticos que se poidan utilizar. Manifesta que el non só pide para a súa comarca, senón que, como deputado provincial e portavoz do Grupo Socialista, intenta expoñer todos os problemas que lle formulan os seus compañeiros doutras comarcas e intenta defender os intereses da provincia en xeral, aínda que todos pecan un pouco de localismo, algo que non debería ser así.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e dos do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Autorizar os suplementos de crédito polos importes e nas aplicacións orzamentarias que figuran nos cadros adxuntos:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
912.11/226.01	Atencións protocolarias e representativas. Corporación Provincial	8.670,00 €
912.11/227.06	Estudios e traballos técnicos. Corporación Provincial	40.000,00 €
920.01/227.06	Estudios e traballos técnicos. Secretaría Xeral	25.800,00 €
450.12/207.00	Prestación servizos. Cooperación Provincial	4.760,52 €
450.12/226.01	Atencións protocolarias e representativas. Cooperación Provincial	9.952,34 €
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		89.182,86 €

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTO

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
419.16/632.00	Edificios e outras construcións. Predio Armariz	200.000,00 €
453.11/619.03	Reparación vías provinciais. Vías provinciais	1.000.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	1.200.000,00 €
------------------------------------	-----------------------

RESUMO

Suma suplementos de crédito.....	1.289.182,86 €
----------------------------------	----------------

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	205.804,16 €
Recursos procedentes da redución de capital da Sociedade Urbanística Provincial Urbaourense. Subconcepto 850.00	1.083.378,70 €

2º.- Autorizar o incremento de 20.000,00 euros na subvención concedida ao Concello de Ribadavia (120.000,00) para a construción de pasarela sobre o Río Avia, na modificación de créditos 1/2014 aprobada en sesión plenaria de 28 de febreiro de 2014.

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

4º.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIA DO CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA PARA A EXECUCIÓN DE SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 2 DE OURENSE NOS AUTOS 205/2012.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e dos do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación de competencia efectuada na Deputación Provincial de Ourense polo Concello de Rairiz de Veiga, mediante acordo do Pleno do dito concello de data 16 de maio de 2014, para proceder á execución da sentenza ditada polo Xulgado do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

Contencioso-Administrativo n.º 2 de Ourense nos autos n.º 205/2012.

5º.- INFORME SOBRE O ESTABLECIDO POLO ARTIGO 104BIS DA LEI DE BASES DO RÉXIME LOCAL, SOBRE PERSOAL EVENTUAL.-

O Sr. secretario dá conta do seguinte informe da Presidencia, de data 21 de maio de 2014, do que se deu conta na comisión informativa de Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade:

“O artigo 104.bis da Lei de bases do réxime local, introducido pola Lei de racionalización e sostibilidade da administración local, establece unha serie de limitacións ao persoal eventual das entidades locais, sinalando que no caso das deputacións provinciais o número de postos de traballo cuxa cobertura lle corresponde ao persoal eventual será o mesmo que o do municipio máis poboado da provincia, que no caso de Ourense se traduce en que o número de persoal eventual non pode exceder do número de membros da corporación local.

Por conseguinte, na Deputación Provincial de Ourense o número máximo de persoal eventual sería de vinte e sete (27).

Na Deputación Provincial na actualidade existen seis (6) empregados coa condición de persoal eventual: catro (4) asesores da Presidencia (un asesor de comunicación, un asesor técnico, un asesor de política deportiva e un asesor de política cultural) e dous (2) asesores do grupo provincial do BNG (un técnico medio e un administrativo).

En todos os casos o persoal eventual está asignado a servizos xerais desta Deputación.

Por conseguinte, a Deputación Provincial de Ourense cumpre no momento actual as limitacións establecidas no artigo 104.bis da Lei de bases do réxime local.

O apartado sexto do dito artigo establece que o presidente da entidade local informará ao Pleno, con carácter trimestral, do cumprimento do previsto no dito artigo, polo que se emite o presente informe, do que se dará conta á comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, así como ao Pleno da Corporación”.

Os membros da Corporación quedan informados.

6º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2014,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

**RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL DO CONCELLO DE PORQUEIRA
CORRESPONDENTE AO PLAN COMPLEMENTARIO.-**

Trala ratificación por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 26 de maio de 2014.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que tanto o Sr. presidente como os deputados do Grupo Popular saben que o Grupo Socialista, en calquera modificación que formulan os concellos soen votar a favor. Neste caso vanse abster porque entenden que houbo problemas que xa veñen desde hai tempo, incluso problemas xudiciais, ás veces pola falta de diálogo da propia alcaldesa. Anuncia a abstención do seu grupo porque non teñen moita confianza nesa alcaldesa e di que lles gustaría saber (xa que se fala da construción de vestiarios) se a piscina está en funcionamento ou non.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2014 no relativo ao termo municipal de Porqueira, incorporando ao plan complementario a obra “Construción de vestiarios e de edificio auxiliar para a piscina fluvial de A Forxa” cun orzamento de 102.997,72 €, en substitución da obra “Mellora do abastecemento domiciliario nos pobos de Faramontaos –Telladas-Rial –Fontemoura- Reboreda e Forxa 2ª fase” cun orzamento de 50.000,00 €.

**7º.- MOCIÓN DO BNG PARA DENUNCIAR O ATRASO NA TRAMITACIÓN DE
NOVAS AXUDAS RISGA.-**

Trala ratificación por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga para que defenda o contido da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dá lectura á moción, co seguinte contido: *No último informe remitido polo valedor do Pobo ao Parlamento galego podemos ler o seguinte: “Este ano, como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento nas solicitudes de axudas sociais ante situacións de necesidade, como son as rendas de integración social de Galicia ou as axudas de emerxencia social (RISGA). Tamén medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo por denegacións que se consideraban inxustificadas*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

ou por atrasos nas resolucións deses procedementos, que pola súa proia natureza deben resolverse con urxencia". Nesta liña, son varios os concellos e tamén as persoas que denunciaron os atrasos de máis de sete ou oito meses de retrasos e incumprimentos nas tramitacións da RISGA e da AES. Cómpre lembrar que a Lei de inclusión de Galiza recolle o seguinte: "Artigo 37. Resolución 1. Unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver." No recente informe de Cáritas española podemos comprobar como os datos da pobreza ofrecen un panorama desolador, sobre todo na Galiza. O informe sinala que na Galiza a pobreza infantil pasou dun 16,9% en 2007 a un 22,2% en 2012. Asemade, indica que 30.000 fogares non reciben ningún tipo de ingresos, e son xa unhas 465.000 persoas as que viven na Galiza baixo o limiar da pobreza. Á luz destes datos, e dado que estas axudas para poder facerlles fronte a situacións de extrema necesidade e pobreza teñen urxencia para as persoas demandantes, consideramos urxente o que se cumpra a Lei de inclusión social de Galiza e que se poñan en marcha de inmediato de maneira urxente a tramitación das axudas da RISGA, para o que se deben cumprir os prazos que se establecen a este respecto. Por outra banda, este incremento de persoas en exclusión social, consecuencia das erráticas políticas económicas aplicadas durante a crise, converten en papel mollado os propagandísticos anuncios da Xunta relativos ao incremento da dotación na RISGA para 2014, de apenas 7 millóns de euros, cando para o pagamento da débeda se consignaron sete veces máis (53 millóns de euros), e demostran a necesidade de achegar máis fondos públicos para as solicitudes se resolveren en prazo e para non incorrer en demoras inxustificábeis. Por todo isto, o grupo provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: Instar á Xunta de Galiza a cumprir coa Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social".

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que todos sabemos que o Partido Popular é especialista en moitas facetas: austeridade, neoliberalismo, recortes en dereitos básicos, ataque ao estado de benestar (así podería seguir unha mañá enteira), o que está claro é que non son especialistas en políticas sociais. Non poden negar que se segue a investir neste apartado pero dun xeito que significa cubrir o expediente, doutro xeito non se entende que os trámites burocráticos tarden meses en resolverse, tal como se expón na moción do BNG. Agora, despois da polémica xerada en torno á concesión destas rendas de integración social, resulta que a conselleira de Benestar, Beatriz Mato, anuncia que se fará un esforzo titánico para atender ás demandas. Pregúntase por qué non se fixo o esforzo durante todos estes meses e por qué hai tantos retrasos. Este anuncio faise no mes de maio, despois dunha evidente presión política, pero se existise interese polo asunto non agardarían tantos meses para dar a orde de priorizar a concesión de rendas de inclusión social. Non se pode perder de vista que no que levamos de ano 2014 aínda non se atenderon apenas peticións. A situación é tan preocupante que o Valedor do Pobo xa advertiu do aumento de queixas polo retraso na tramitación das RISGA. As políticas sociais abarcan tamén axilizar os trámites dos expedientes que levan ata sete meses sen resolver e non só anunciar plans con efecto mitigador da polémica tal e como fan Mato e Feijóo. Sete meses sen resolver, cos conseguintes dramas que hai detrás. As políticas sociais pasan polo recoñecemento do dereito á inclusión social. Deste xeito poderían adscribirse á RISGA persoas que o precisen, aforrándose a complexa tramitación burocrática que existe na actualidade. Este recoñecemento significa que o dereito á inclusión social deixaría atrás o actual programa de asistencia, que se caracteriza por dilatar precisamente a concesión destas axudas. Resulta evidente que as políticas sociais que puxeron en marcha os sucesivos gobernos socialistas contrastan co asistencialismo que pon en práctica o Partido Popular, porque non se pode definir doutra maneira. Mentres os socialistas cren na igualdade das persoas e crean programas que evitan a marxinação social, os populares recorren a medidas que máis ben se parecen á beneficencia de épocas pretéritas. A pesar das súas proclamas, a realidade é que se están limitando ou perdendo dereitos socioeconómicos básicos. A *chapodadora* que utilizan os xestores do Partido Popular abarca a privatización progresiva da sanidade, o incumprimento de dereitos básicos de alimentación e vivenda, e a conversión dos servizos de benestar en mero asistencialismo. Por riba, as axudas chegan con retraso mentres centos de persoas (por non dicir miles) nesta agónica espera non poden afrontar os gastos da cesta da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

compra, pagar o alugueiro da súa vivenda ou afrontar gastos de luz ou auga. Esta é a crúa realidade. O Partido Popular non está arranxando os problemas dos galegos e das galegas que padecen esta situación, e lonxe de buscar unha saída como recoñecemento da inclusión social como un dereito, anuncia a bombo e pratiño un plan para contratar seiscentos preceptores de axudas RISGA para incorporalos ao mercado laboral. Benvida sexa esta medida, pero este fantástico plan ten trampa, unha trampa que se chama instrumento electoralista puro e duro. Pregúntase por qué non anunciaron esta medida a principios de ano; por qué non puxeron toda a carne no asador evitando así que se dilatase no tempo o drama destas persoas afectadas na concesión das axudas. A resposta é clara, non se fixo antes porque dese xeito non lles sairían as contas. Non anunciaron antes o plan, porque se o tivesen feito as eleccións municipais quedarían demasiado lonxe e non poderían utilizalo para obter rendemento político. Que baixeza; Hai que ter en conta que os contratos destas persoas será a tempo parcial e por un período entre sete e nove meses. Así lle saen as contas ao Partido Popular, xustas para que cadren coas eleccións municipais de maio de 2015. Está claro que ao Partido Popular lle saen moi ben as contas, pero a custa de xogar cos dramas de tantas familias en estado de penuria. O voceiro do Partido Popular no pleno anterior xustificaba o rexeitamento dunha moción do Grupo Socialista sobre a Ribeira Sacra, argumentando que por qué darlle axudas a esta comarca e non a outras da provincia, e o Grupo Socialista agora di por qué axudar a 600 persoas a incorporarse ao mercado laboral e non a 1.000, 2.000 ou 5.000; por qué en lugar de medidas conxunturais non adoptan medidas estruturais que solucionen problemas, que pasarían polo recoñecemento do dereito á inclusión social; por qué se manexan sempre e tan ás claras co factor oportunismo. No Partido Popular pretenden aparecer cunha cara, maquillando e manipulando os datos, como o de que se incrementou o número de axudas nun 117% desde o inicio da crise (seguro que este dato o ía achegar o voceiro do PP), pero a cruz son os milleiros de dramas e historias que se agochan detrás destas solicitudes que están agardando desde hai meses unha confirmación O Grupo Socialista presenta unha emenda de engádega á moción do BNG, co seguinte contido: instar á Xunta para que se recoñeza o dereito á inclusión social, para que se poidan adscribir ás RISGA as persoas que o precisen.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que deixando a un lado as lindezas que lles colga a Sra. Morenza Doforno, adianta que o Grupo Popular, sen entrar a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014

valorar algunha consideración que se fai na exposición de motivos, vai votar a favor da moción presentada, porque entenden que é positiva. Sen esquecer que estamos nos tempos nos que estamos, di que desgrazadamente é moi fácil utilizar a situación das persoas en risco de exclusión para facer oposición, pero tamén é eticamente cuestionable (a Sra. Morenza parece que ten gañas de colgarse noutras siglas políticas que non son tales, senón que era a foto de alguén, parece ser que ese discurso pega e ao mellor está un pouco descolocada). Continúa dicindo que a crise económica prolongada tanto tempo está a ter unhas consecuencias dolorosas, como o é o incremento do número de persoas en risco de exclusión social. Ante isto, o que fixo o goberno da Xunta de Galicia foi incrementar, na medida do posible, o orzamento destinado á inclusión. No ano 2010 incrementouse un 7% o orzamento para estas necesidades; en 2011 un 6,2%; en 2013 un 11,6%; en 2013 un 38%; e en 2014 volveuse incrementar ata alcanzar os 39,7 millóns, o que supón un 21,4% máis que no orzamento do ano 2013. Este mesmo goberno da Xunta de Galicia acaba de facer unha ampliación de crédito de 2,6 millóns de euros, superando así os 42 millóns de euros para este fin. Todos somos conscientes da difícil situación que están a pasar moitos galegos e galegas, por iso o esforzo incuestionable que temos que facer todos, especialmente a Xunta de Galicia. Foi este goberno o que converteu a RISGA nunha partida ampliable (isto significa que se o orzamento destinado inicialmente chega ao seu límite, amplíase, pero na medida do posible). Con respecto aos tempos de tramitación, non é certo que a tramitación da RISGA se estea prolongando tres veces máis. Xa a concelleira recoñeceu que non está no que debera estar, pero non tres veces máis. Hai que ter en conta que a tramitación das solicitudes da RISGA ten un alto compoñente de corresponsabilidade, exercida ao 100% por parte de todos: concellos, Xunta de Galicia e tamén do propio solicitante. Moitas veces había que estudar a tramitación dos expedientes e ver quen é o culpable da súa demora. Cónstalles que se está a axilizar o máximo posible, pero hai que seguir mellorando. En canto aos datos de pobreza, di que se temos en conta os datos de pobreza que publica INE na enquisa de condicións de vida, os datos actuais dos que dispón son os seguintes: no ano 2012 a taxa de risco da pobreza en Galicia era do 16,8; a taxa de risco da pobreza en Galicia (con alugueiro computado) era de 13,9; comparativamente a taxa de risco de pobreza en Andalucía era do 31 e a taxa de risco de pobreza estatal era 22,2. Non é o desexable. O Consello da Xunta esta mesma semana acaba de aprobar un programa pioneiro dotado con tres millóns de euros para contratar a seiscentas persoas que están na RISGA, tratando de evitar que esa situación se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

prolongue no tempo. Os contratos terán duración de 7 meses a 9 meses, aínda que o ideal sería sempre, pero está seguro de que a Sra. Morenza lle poderá dicir como se fai.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia que aceptan a emenda do Grupo Socialista e congratúlase de que o Grupo Popular apoie esta iniciativa. Di que non están a facer oposición, senón que están na oposición, polo tanto lles corresponde facer ese papel. En todo caso, o BNG con esta iniciativa (igual que con outras) é a voz de persoas, neste caso de persoas que están en situación moi precaria, que en moitos casos é culpa da desidia que está a amosar a Xunta de Galiza na tramitación de novas axudas de RISGA. A falta de interese do goberno de Feijoo é máis preocupante, se cabe, se temos en conta que cada vez son máis as familias que teñen menos recursos. A RISGA era inicialmente unha renda pensada para determinado tipo de persoas con problemas de carácter social grave ou moi grave (toxicomanías, alcoholismo, discriminacións, outros problemas sociais) polo que a súa tramitación esixía un estudo previo do usuario para analizar outras posibles axudas (legais, psicolóxicas, sanitarias, etcétera) que puideran encamiñar aos seus usuarios cara unha integración social. Coa crise son moitos os usuarios que acoden á solicitude da dita renda pola sinxela razón de que non atopan saídas laborais ou, de atopalas, son moi precarias e non garanten unha cobertura económica suficiente para cubrir necesidades básicas tales como alugueiros, hipotecas, facturas, comunidades, alimentación ou hixiene. De tal xeito que se algún destes usuarios últimos tentan tramitar a solicitude da dita renda quedan excluídas dela por carecer de problemas sociais graves, sendo remitidas a súas axudas aos ámbitos familiares ou amigables. A dita actuación agrava indignamente a situación social de calquera cidadán desempregado e xa sen cobertura económica de ningunha prestación (paro, subsidio, etcétera) creando situacións insostibles de acumulacións de débedas, carencias alimentarias, precariedade e, risco de exclusión social. Por outra banda, aqueles que posúen algún agravamento da súa situación persoal (quen máis quen menos ten problemas persoais dalgún tipo) e solicitan un informe encarado á obtención da RISGA, a aprobación e posterior ingreso económico está a chegar á cidadanía cun retardamento alarmante de entre 8 a 14 meses nalgúns casos, período durante o cal estes usuarios e, por ende, as súas familias carecen de ningún recurso económico ou financiamento. Á súa vez a RISGA é transferida aos bancos co concepto de transferencia sen máis, polo que calquera usuario que teña orde de embargo sobre as súas contas (cousa fácil se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

hai meses que non se teñen ingresos de ningún tipo) son embargadas e/ou se cobran comisións bancarias sobre elas. Se ben é certo que si se reclama devólvese a contía, pero súmanse ao tempo de espera de cobro os días que se tarde en ser reembolsadas. Xa por último, consideran que é moi grave a subxectividade coa que a RISGA é concedida ou non, deixando en mans da máis ou menos profesionalidade, subxectividade, habilidade, interese ou coñecementos da persoa que te atenda (un traballador social que exerce neste caso de xuíz), producíndose en moitos casos situacións de inxustizas, desigualdades ou discriminacións sen ningún tipo de defensa por parte do usuario.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que pode dar datos que si sabe: do millón de asalariados galegos, un de cada seis vive con trescentos vinte e cinco euros ao mes; desta cifra un 30% recibe menos da metade do salario mínimo; o salario medio bruto en España está un 17% por baixo da media europea; cento vinte mil persoas en Galicia están en situación de pobreza severa; trinta e catro mil familias non perciben ningún ingreso; a principios de 2014 Galicia era a terceira comunidade con máis traballadores en situación de expediente de regulación de emprego; un 16,8% dos galegos (catrocentas sesenta e cinco mil persoas) viven en situación de pobreza; seis de cada dez familias chegan con dificultades a finais de mes; o 22% de menores de 16 anos viven en situación de pobreza; aumentou nun 24% o número de persoas preceptoras da RISGA (isto é porque hai máis problemas); catro mil persoas viven en infravivendas ou na rúa, entre 2009 e 2012 o número de persoas ás que lles presta atención Cáritas incrementouse nun 367%. É certo que en 2013 se concederon un 38% máis de axudas RISGA que en 2012, pero isto significa que se disparou o número de expedientes e non se adoptaron medidas estruturais para paliar esta grave situación que se está a vivir. Medidas estruturais e non conxunturais de contratación dun determinado número de persoas. Non está descolocada no seu discurso, ao mellor o que está descolocado é o portavoz do Grupo Popular, porque non coincide co discurso de Feijóo nin co de Beatriz Mato. Ela está nun partido defensor das políticas sociais. Isto non é unha ladaíña, isto é a guerra das cifras, o portavoz popular dá as cifras da cara e eles dan as cifras da cruz, da pura realidade.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, non sabe ben quen está descolocado se el, a Sra. Morenza ou os dous, en todo caso falou en nome do seu grupo e en nome propio, non ten nada que ocultar. Por isto aproban a moción, porque están nesa liña, así

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

como tamén van apoiar a emenda do Grupo Socialista, sen medo a que os regañe ninguén. Non quere entrar en *chascarrillos*, porque se se pon a lembrar aquilo dos dous mil postos de traballo para limpar cunetas tería moito do que falar. El non quere xogar con esas cousas porque lle dá vergonza e todos deberían tomar nota do que pasou o domingo, porque a xente está cansa de que se fale de parvadas. Non se pode xogar nin facer demagogia coa exclusión social. Tiveron oportunidade de dicirlles aos seus gobernantes (cando gobernaban) que fixeran ese mundo ideal do que falan, e onde levan toda a vida gobernando tampouco o fixeron. Por último reitera que valoran a iniciativa e como tal así a apoian.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, reitera que se alegran de que estean todos de acordo, e é verdade que hai que tomar nota, pero salvo o trienio ominoso que houbo en Galicia, que foi a catástrofe dos séculos, o Partido Popular leva gobernando en Galicia toda a vida, polo que deberían reflexionar máis. Quen se empeña en dicir que todos somos iguais (e non todos son iguais, sobre todo en cuestións de ética) é o Partido Popular, pero eles non van pasar por esa. Todos se sentan aquí, pero algúns avergónzanse por sentarse ao lado dalgúns (referíndose aos que están imputados). Hai algúns peores que outros.

O **Sr. presidente** manifesta que durante o debate o portavoz do BNG dixo que aceptaba a emenda de adición do Grupo Socialista a esta moción, polo que somete a votación a moción do BNG coa inclusión dun parágrafo terceiro á proposta do Grupo Socialista, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a cumprir coa Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.

3º.- Instar á Xunta de Galicia a que se recoñeza o dereito á inclusión social para que se poidan adscribir á RISGA as persoas que o precisen.

8º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE ABRIL DE 2014 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 2º DE XANEIRO E 1º DE MARZO DE 2014.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de abril de 2014, e dos seguintes adicionais: 2º de xaneiro e 1º de marzo de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

9º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE ABRIL DE 2014 E DO 1º ADICIONAL DE MARZO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de abril de 2014 e do 1º adicional de marzo de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

10º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Tras a declaración previa por unanimidade da urxencia dos asuntos, tratáronse as seguintes mocións:

10ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A MELLORA DA ESTRADA VIANA DO BOLO-VILARIÑO DE CONSO-MANZANEDA-A POBRA DE TRIVES.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda á moción cédelle a palabra ao Sr. Bautista Carballo para que expoña o contido da moción.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, dá lectura á moción, co seguinte contido: *O Macizo Central Ourensán caracterízase entre outras cousas por posuír unha rede viaria moi pouco densa e de gran complexidade pola orografía. O eixo vertebrador da zona máis oriental destas terras é a estrada que descorre dende Viana do Bolo hasta A Pobra de Trives atravesando Vilariño de Conso e Manzaneda e que corresponde coas estradas OU-0908 e OU-0701 de titularidade da Deputación Provincial de Ourense. Esta comarca estivo tradicionalmente case incomunicada ata que as grandes empresas hidroeléctricas comezaron a construción dos encoros das Portas, o Vao, máis tarde o Cenza e transvases, pequenas presas e a Central de Manzaneda. A partir deste momento é cando toma forma a estrada que hoxe*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

coñecemos e que parte dende Viana do Bolo hasta a Ponte Cabalar (A Pobra de Trives). Esta estrada hoxe en día pertence á Deputación de Ourense e está dividida en dúas denominacións, de Viana do Bolo a Vilariño de Conso (OU-0908) con 8,222 quilómetros e de Vilariño de Conso a Ponte Cabalar (OU-0701) con 30,235 quilómetros. En total son case 38,5 quilómetros a distancia que hai que percorrer nesta vía. Nesta estrada, de alto valor estratéxico, nunca se acometeu unha mellora integral dela, e basta percorrela para poder comprobar como hai tramos que se pode considerar que está en condicións case óptimas, pero a gran maioría do trazado posúe un firme en moi mal estado, un trazado excesivamente sinuoso, o ancho de vía é tremendamente escaso e está falto de sinalización horizontal e vertical e proteccións mediante biondas. Esta estrada é de vital importancia para os catro concellos que atravesa polas súas interrelacións. Non esquezamos que Viana do Bolo pertence ao partido xudicial da Pobra de Trives, e que aos/ás veciños/as deste último concello deben empregar esta vía para ter saída cara á A-52. Pero esta vía ten unha importancia maior xa que é o punto de entrada cara á Estación Invernal de Cabeza de Manzaneda de boa parte dos turistas portugueses e do norte de Zamora, que teñen que percorrer un viario en condicións extremadamente malas para poder acceder ao único lugar de Galicia onde se poden practicar deportes de inverno. Cónstalles que os plenos dos concellos de Viana e Manzaneda xa aprobaron esta iniciativa e A Pobra de Trives e Vilariño de Conso a apoiarán en breve e é por elo polo que o Grupo Provincial Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo: Reclamar o arranxo integral das estradas OU-0908 (Viana do Bolo- Vilariño de Conso) e OU-0701 (Vilariño de Conso-Ponte Cabalar), e para elo que se realicen os estudos técnicos pertinentes, que se contemple como estrada preferente e que se dote de orzamento a dita obra. Manifesta que o Grupo Socialista non ten ningún inconveniente en aprobar a emenda presentada polo Grupo Popular, pero gustaríalles que o estudo que se faga se pase pola comisión informativa, para poder decidir que se fai nesa estrada.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que O BNG ten denunciado a inexistencia de políticas por parte do PP que corrixan os enormes desequilibrios existentes no país e na provincia, creando unha Galiza non de dúas velocidades senón de tres, porque hai comarcas e municipios do interior literalmente abandonados a súa sorte. Fronte a aposta pola Galiza atlántica, permanece outra realidade como a Galiza interior e unha terceira Galiza que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

representan comarcas e concellos abandonados da provincia de Ourense como o Macizo Central, a Baixa Limia, entre outros. Esta Deputación vén de aprobar un expediente de modificación de créditos no que se inclúe unha partida de 1 millón de euros, a todas luces insuficiente, pero importante como punto de partida para atender as moitas necesidades da maltreita rede viaria. Por iso, é preciso que este diñeiro sexa investido priorizando as actuacións en base a criterios racionais e obxectivos, entre os cales, sen dúbida, as estradas ás que se refire o Grupo Socialista na súa moción cobran sentido. De aí que o BNG defenda a necesidade de elaborar un plan provincial da rede viaria, cuestión que nunca se fixo, e que mal que ben, foi remendándose a través das obras dos plans provinciais da rede viaria provincia e local. É certo que sen un criterio nido, senón máis ben en función dos intereses electoralistas da Deputación ou do concello de quenda. Por iso, e sen pór en dúbida a necesidade de actuar nas estradas do macizo central, estaría ben, tal como defendemos na moción de urxencia que presentan, dar un paso máis elaborando unha proposta de recomposición da titularidade da rede viaria e un plan de actuacións na rede viaria, que sexa plurianual, para que o esforzo inversor non sexa flor de un día ou por existencia dun remanente de tesourería.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que o grupo de goberno non pon en dúbida a necesidade de mellorar esta estrada, e coinciden co que se di na exposición de motivos da moción, de alto valor estratéxico para os concellos da Pobra de Trives, Manzaneda, Vilariño e Viana do Bolo, pero tampouco poñen en dúbida a necesidade de mellorar outras moitas estradas provinciais e municipais desta provincia. A Deputación Provincial conta con máis de 1.870 quilómetros de vías, por iso non entenden o que quere dicir o Grupo Socialista ao solicitar que se contemple como preferente, porque preferentes son todas, logo hai que fixar prioridades en función das dispoñibilidades orzamentarias. Valoran positivamente a iniciativa e alégrase de que acepten a emenda de substitución do seu grupo, porque o que se trata é de arranxar os problemas. Dá lectura á emenda de substitución, co seguinte contido: *O Pleno da Deputación de Ourense: 1º.- Insta á Área de Infraestruturas desta Deputación para que realice os estudos técnicos e valoracións correspondentes do arranxo integral da estrada Viana do Bolo-Vilariño de Conso-Manzaneda-A Pobra de Trives. 2º.- Incluír o proxecto dentro das actuación para executar dentro da rede viaria provincial, de conformidade coas dispoñibilidades orzamentarias.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, di que falaban de preferente pero non querían dicir xa, senón que primeiro ten que haber un estudo. De aí que pedira que unha vez feito o estudo se leve a unha comisión, para poder valoralo e sempre e cando haxa dispoñibilidade orzamentaria. Hai uns datos feitos polos técnicos desta casa que o sorprenden moito, como é o caso da estrada provincial de Petín que é a que máis tráfico ten da Comarca de Valdeorras, e pouco se leva feito nela. Na moción fálase dunha estrada que está en mal estado e que hai moita xente que precisa dela.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que en canto á emenda de substitución, como é o Grupo Socialista o autor da moción e eles a aceptaron, tamén a van a aceptar, aínda que non vai na liña do que presenta o BNG posteriormente.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, agradécelle ao BNG que acepten a emenda. Apunta que lle alegra que os plenos dos concellos citados se impliquen nesta demanda, pero ao día da data nesta Deputación non consta que ningún destes concellos se dirixira a esta casa solicitando a mellora desta estrada.

Non se producen máis intervencións e o **Sr. presidente** somete a votación a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Requirirlle á Área de Infraestruturas desta Deputación para que realice os estudos técnicos e valoracións correspondentes do arranxo integral da estrada Viana do Bolo-Vilariño de Conso-Manzaneda-A Pobra de Trives.

2º.- Incluir o proxecto dentro das actuacións para executar dentro da rede viaria provincial, de conformidade coas dispoñibilidades orzamentarias.

10ºB.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CREACIÓN DUN REGULAMENTO SOBRE AS BRIGADAS DE VÍAS E OBRAS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que defenda o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que é un feito positivo que esta casa teña unhas brigadas de vías e obras, pero ao longo destes anos, por moitos vicios xerados (non vai entrar en como foron contratados ou como funcionaban en épocas electorais) hai que mudar cousas. O Grupo Socialista non é o culpable dos vicios que se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

tiveron nesta casa. Anuncia que van aceptar a emenda do Grupo Popular, aínda que entendan as gañas que ten o presidente de quedar por riba das propostas que fai o Grupo Socialista. Na moción pídese que se cre un regulamento, coas achegas de todos os grupos políticos da Deputación Provincial de Ourense, para que as brigadas de vías e obras colaboren cos concellos pero baixo criterios estritamente técnicos e non ao antollo do presidente provincial. Din isto porque coas normas actuais é o presidente o que decide onde traballan as brigadas. O Grupo Popular propón na súa emenda revisar as normas de 1996 que regulan o funcionamento das brigadas de Vías e Obras desta Deputación, elaborando un texto que se someta á consideración da comisión correspondente para que os grupos políticos fagan as achegas que xulguen oportunas. Non sabe ben onde están as diferenzas entre unha proposta de acordo e a outra. Na súa moción xa dicían que existen unhas normas publicadas no BOP do ano 1996 que rexen o funcionamento das brigadas, pero que son tan exiguas que pouco menos que non regulan nada, por iso pedían un regulamento novo. Pero se teñen que quedar por riba do Grupo Socialista coa emenda parécelles estupendo, pero o importante é o fin da moción, que se faga un novo regulamento cuns criterios claros que se concretarán. O outro día na comisión xa se preguntou por parte dunha deputada socialista (a Sra. Morenza) por qué aumenta o traballo das brigadas en época electoral e contestóuselles que non ían estar na casa. Propón que en época electoral as brigadas se dediquen única e exclusivamente a tarefas da propia Deputación Provincial, algo que se pode regular, pero depende do interese que se teña. Como xa se dixo hai que cambiar cousas, pero nesta casa correspóndelle ao Partido Popular que é quen goberna, aínda que se achaque á oposición co de “y tu más”. Con esta moción pretenden cambiar os vicios do pasado (e que seguen no presente) para que non se produzan. Parécelles unha proposta positiva (das moitas que leva feito o Grupo Socialista durante esta lexislatura) que se vai aprobar pola presentación da emenda do Grupo Popular (que quere dicir o mesmo).

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que hai unha frase antolóxica de Mariano Rajoy preguntado hai xa tempo a respecto de se Baltar era cacique ou non. A contestación non ten desperdicio: *”Hay personas que tienen influencia y la utilizan en época electoral, pero en realidad aquí no hay caciques, sino personas de prestigio que están en la opción que yo defiendo, verdaderos líderes de opinión”*. Un dos grandes éxitos do Baltarismo foi establecer como xusto -subsidiariamente democrático- aos ollos do pobo o voto favorable

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

antes da chegada da brigada de obras para asfaltar pistas ou chantar faroís. Desde a Xunta aprestáronse a financiar a tremoia porque os éxitos do cacique eran tamén os éxitos do partido. Á parte urbana do país cústalle entender esta cuestión e non comprende que logros coma o indicado, ben dosificados e extrapolados a todos os recunchos da miseria imaxinables, atan ao poder a calquera oligarca. É a sublimación daquilo primitivo e propio das nacións colonizadas, que pasaron fame, que tiveron medo. A utilización partidista das brigadas de obras forma parte da esencia mesma do Baltarismo, que xestou no clientelismo e na dádiva un dos seus éxitos electorais. O antecesor do presidente, e non obstante papá, adoitaba lembrarlle aos veciños e veciñas nos mitins que a brigada de obras chegaría veloz a asfaltar pistas e estradas se as eleccións as gañaban os populares. Por iso, nos días previos ás eleccións as máquinas da Deputación inzaban de amárelo, pelexando coas mimosas ou coas xestas, as estradas da provincia na busca do voto, tal e como aconteceu estes días previos ás eleccións europeas, onde sorprendentemente apareceron máquinas e brigadas para facer todo tipo de traballos, por insignificantes que estes foran, iso si, nos concellos do Partido Popular. Esta maquinaria tan potente repartida por toda a xeografía da provincia foi e segue a ser determinante ao longo de todos estes anos, tanto pola cantidade de xente contratada como pola cantidade de favores feitos. Representa o peor da política, representa a política do favor, da esmola, da dádiva, e non a política da xustiza, da política dos dereitos das persoas e da igualdade democrática. E neste paripé de convenio, o Partido Popular atopou a excusa precisa para xustificar unha forma de actuar clientelar ao servizo do partido. Por iso, parécenos moi acaída a proposta do grupo socialista, tanto no que ten a ver coa utilización das brigadas de obras como a través do servizo de cooperación, tendo en conta, ademáis, que a Deputación de Ourense aprobou no pleno ordinario da Corporación provincial de data 30 de abril de 2014 o seu Código Ético e de Conduta, código que é de obrigado cumprimento e que ten como obxectivo configurar unha ética pública común que evite a mala xestión e sirva para xeneralizar as boas prácticas, obxectivos que a día de hoxe non casan coas prácticas que sistematicamente ben aplicando a deputación neste e noutros eidos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que escoitando aos dous voceiros non sabe ben a quen dirixirse, pero vai respectar a orde do día, porque nada ten que ver co que se está a falar. Como ben se di na exposición de motivos da moción, as actuais normas que regulan as brigadas datan do ano 1996. Dise tamén que son exiguas e pouco menos que non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

regulan nada, e como diría alguén, sen acritude, xa choveu, porque desde entón (18 anos atrás) non houbo ningunha proposta, nin dunha parte nin da outra. Lembra que estar na oposición (ou facela, non ten moi claro o concepto) non é só estar en contra, tamén é presentar iniciativas como, por exemplo, esta. En todo caso están de acordo no esencial: é necesario revisar estas normas e adaptalas ás actuais circunstancias. Por todo isto presentan unha emenda de substitución, á que dá lectura: *o Pleno da Deputación de ourense acorda revisar as normas de 1996, que regulan o funcionamento das brigadas de Vías e Obras desta Deputación, elaborando un texto que se someta á consideraición da comisión correspondente para que os grupos políticos fagan as achegas que xulguen oportunas*. Lembra tamén que coas actuais normas as brigadas actúan sempre baixo criterios técnicos. En canto a que actúan en época de eleccións pide que se poña o exemplo dalgún concello que pedise a brigada e non fose atendido. De todos modos di que a brigada de vías e obras empezará a traballar en Muíños o luns (xa pasadas as eleccións) e os cidadáns de Muíños manifestáronse libremente, igual que os de Baños de Molgas, Celanova, Ribadavia, Chandrexa, etcétera. Apuntando a isto di que todos deben reflexionar, porque algo pasa. Se o Partido Popular leva unha eternidade gobernando é porque así o queren os cidadáns. Valoran a proposta do Grupo Socialista e presentan a emenda de substitución non porque queiran quedar por riba, senón porque non lles parece acaída a linguaxe da proposta, xa que non queda ben poñer nun acordo o de “ao antollo do presidente”.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, utiliza unha frase que se lle achaca sempre ao portavoz popular: pau se remas, pau se non remas. Manifesta que, coa ironía que corresponde, o seu grupo vai acabar cheo de orgullo e satisfacción (como diría o que todos saben), xa que como non se fixo nada ata o de agora e son eles os que o fan, deberían ser eles tamén os que gobernarán. Pensa que a oposición desta casa é moi dura, pola cantidade de falcatuadas que se teñen que arranxar ao longo dos anos. Os compañeiros que estaban antes dedicáronse a unhas e agora tócalles a eles arranxar outras. As máquinas de asfaltar non se teñen que converter en máquinas de buscar votos, e iso acontecía e acontece. Por iso hai que regular para que iso non ocorra. En canto aos resultados electorais europeos non teñen nada que ver con isto, pero este tipo de política chegou a calar tanto nos propios cidadáns que entendían que tiña que ser así. O traballo político tense que ver ao longo dos anos da lexislatura e non uns días antes das eleccións. Di que a el lle dá vergonza que quince días antes das eleccións (as que sexan) dicirlles aos veciños que se lles vai arranxar algo, porque seguramente que cando un dá a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

volta eles dirán: xa están estes tomándonos o pelo, porque isto xa tiña que estar feito antes. As brigadas, no Concello de Ribadavia, actúan sempre cando o grupo de goberno (neste caso o Partido Socialista) lle cede á Deputación os plans provinciais para que os acometa. Os traballadores desta casa están preocupados, porque moitas veces ao longo do ano non teñen nada que facer, e van a concellos que poden pagar os materiais (outra das cousas que hai que regular, porque non todos teñen a mesma capacidade) e por iso en épocas non electorais están máis noutros concellos. Cre que a moción é unha boa achega, sempre e cando se chegue a regulala ben e que despois se cumpra, porque se aproban regulamentos que despois non se cumpren, como o Código Ético (entregan documentación 10 minutos antes do Pleno). Espera que se chegue a acadar un acordo satisfactorio e gustaríalles que antes de acadalo que lles fixera chegar a todos os concellos, porque tamén poderán achegar cuestións polas súas propias experiencias, independentemente do partido político ao que representen. Van votar a favor da emenda de substitución presentada polo Grupo Popular pero reitera que a proposta é do Grupo Socialista.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que sen ánimo de querer romper este bo roliño, quere facer unhas puntualizacións respecto da intervención do portavoz popular. En canto a que hai que reflexionar sobre os resultados das pasadas eleccións europeas, di que o BNG gobernou o tempo que lle deixou a cidadanía e é verdade que despois a cidadanía escolleu ao Sr. Feijóo e a “pajería” que o rodea, que botaron tres anos para desmontar o que montara o seu goberno. Pasou 1 hora, 41 minutos e 13 segundos para que o Sr. Álvarez Dobaño puxera enriba da mesa o resultado da súa localidade. Algúns perderon a porra, porque pensaban que ía tardar menos. Manifesta que a moción é moi boa e Deus o libre de pecar de pedante, porque el é o portavoz do BNG mestres este queira, pero lingüísticamente non atopa ningunha diferenza entre a proposta da moción e a da emenda. Se o grupo propoñente a acepta eles non son quen de dicirlle que non, pero gustaríalle puntualizar que o grupo de goberno é un pouco como o cuco: chegan e poñen o ovo no niño dos outros. Anuncia que votarán a favor.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Rodríguez Puga que nunca o verá presumir de nada, e dos resultados de Muíños tampouco. Puxo o exemplo de Muíños porque se falou de que as brigadas ían aos pobos antes das eleccións, e tamén puxo como exemplo outros concellos. En todo caso dixo que o castigo da cidadanía foi aos que gobernan (que segundo a oposición non fai nada ben) e aos que non gobernan, por iso dixo que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

había que reflexionar. En canto ao que dixo de que o grupo de goberno non fixera nada só se refería á revisión destas normas desde o ano 1996, pero porque a eles lles servían, porque o procedemento é que o concello se dirixa á Deputación solicitando a brigada de obras para acometer unha obra; os servizos técnicos a valoran economicamente, así como a súa necesidade ou a urxencia desas obras. A decisión tócalle a quen goberna e á oposición tócalle controlar. Reitera a pregunta de qué concello onde non goberna o Partido Popular pediu a brigada da Deputación nestas datas e o Sr. presidente lla denegase. Pensa que se os alcaldes piden ou solicitan a brigada da Deputación para determinados traballos nos concellos, está dentro da súa autonomía municipal pedila no tempo que consideran que deben pedila e que lles vai mellor, logo a Deputación decide.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, antes dicíalle un compañeiro que non se enrollara, pero ao final aínda que se queira ser positivos non se pode. Sabe cal é o procedemento porque leu as normas de 1996 e pregúntanse por qué aproba esta iniciativa o Partido Popular (incluso a emenda que presentan) se lle valían ben as que hai. Se pide unha relación dos concellos que solicitaron por escrito as brigadas de obra e se lles enviaron, seguramente non coinciden. O que tiña que pedir é a solicitude dos concellos onde actuaron as brigadas nestas eleccións, a ver cantas hai. En canto ao regulamento existente di que é tan antigo que vén en pesetas, polo que xa se tiña que ter regulado nese aspecto. O que había que saber é por qué non se revisaron antes e con qué intención non se fixo. Espera seriedade neste asunto e que se poida realizar un regulamento que recolla necesidades obxectivas e non a criterio do Sr. presidente, que a fin de contas é ao seu antollo como se dicía na proposta.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Revisar as normas de 1996 que regulan o funcionamento das brigadas de Vías e Obras desta Deputación, elaborando un texto que se someta á consideración da comisión correspondente para que os grupos políticos fagan as achegas que xulguen oportunas.

10°C.- MOCIÓN DO BNG PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DA REDE VIARIA PROVINCIAL.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que expoña o contido da moción:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, antes de comezar e xa que o Sr. Álvarez Dobaño reiterou a pregunta de cantos concellos desta provincia que non fosen do Partido Popular e solicitasen as brigadas de vías e obras se lles denegase, di que intentemos todos facer unha análise e mirar o que é o marketing electoral, e pregunta a qué concello que non sexa do Partido Popular se lle ocorrería pedir a brigada para que de repente unha máquina amarelo berrón que poña Deputación Provincial de Ourense apareza no seu municipio. En todo caso, aparecen sen chamalas. Manifesta que presentan unha proposta en positivo e en varias ocasións este grupo ten presentado propostas relativas á rede de estradas da provincia, cun duplo obxectivo. En primeiro lugar pola necesidade de reformular a competencia, e en segundo para elaborar un plan de melloras que modernizase a rede para que valesa como medio de desenvolvemento da provincia, e así alcanzar, en tempo razoable, unhas comunicacións racionais e propias do século XXI, pois é ben certo, que as estradas en si mesmo non resoven o desenvolvemento dun país, máis son necesarias, ao carón doutras actuacións, para conseguir aquel. No tocante á primeira cuestión formulada, -replaneamento da titularidade-, pensan que é preciso pór en marcha unha comisión con representantes das distintas administracións para traballar no tema, dado que a realidade *variopinta* que nos atopamos é que existen estradas que sendo de titularidade autonómica, deberían ser provinciais; outras que están inventariadas a nome da Corporación Provincial e deberían transferírselle á Xunta; viarios que están a cargo dos concellos xa tardan en ser asumidos pola Deputación; tamén figuran en poder do Ente Provincial camiños que, actualmente, son *nidiamente* municipais. Por outra banda, contamos nesta provincia cunha rede de estradas decimonónica, dotada dun firme anticuado, con moitos quilómetros que tan sequera posúen un ancho de calzada de camiño de carro, producindo un efecto tapón no desenvolvemento económico de Ourense, e, polo tanto, contribuíndo a colocarnos nos últimos posto dos listados que miden o benestar da veciñanza. Pasaron moitos anos sen que o grupo de goberno desta Deputación teña definido un plano de vías provinciais e comarcais. En todo caso, o grupo asinante da moción descoñece que teña claro o obxectivo de modernización do actual. A única realidade constatable é que o Grupo Popular actúa neste campo, na maior parte das veces, atendendo a intereses distintos dos que poidan responder, cando menos, á racionalidade e ao sentido común. Por todo o anterior exposto, sometemos ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

Plenario da Deputación a adopción dos seguintes acordos: 1º.- A Deputación convocará, no prazo mais breve posible, unha comisión composta por técnicos da Institución Provincial e da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas, e mesmo lles solicitará propostas aos concellos, co fin de elaborar un plano de recomposición da titularidade da rede viaria da provincia. 2º.- A Deputación elaborará un plan de rede viaria baseándose en criterios previamente establecidos, que contribúa ao desenvolvemento da provincia e incida claramente na modernización das estradas actuais. 3º.- Unha vez elaborado o plan da rede viaria provincial e comarcal, a Deputación porá os medios económicos posibles, e realizará as xestións necesarias diante das administracións Central e Autonómica, e mesmo coordinará as axudas que procedan da Unión Europea, co fin de levar a cabo a execución do devandito plan de xeito plurianual.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, define a estratexia de actuación deste goberno provincial ao longo dos anos nunha cuestión moi sinxela: un alcalde do Partido Popular (non vai dicir quen) un día dirixiuse a el para comentarlle o seguinte: *Nacho, a ver se facemos forza por esta estrada en concreto, porque a verdade é que levamos vinte anos reparando unha curva tras outra sen acometer unha cousa como ten que ser e facer unha estada dunha santa vez*. Con isto quere dicir que cando entrou na Deputación viña co “medo” de ser un novato, e escoitaba ao Sr. Baltar (que levaba moitos anos) e ao portavoz do Grupo Socialista, nunha teima constante que é que non se pode entender Alfredo García fóra do que é un portavoz co que se poidan acadar acordos. Seguramente que o portavoz actual é máis teimudo ca el (no bo sentido). Unha cuestión que sempre se presentou aquí era facer un plan provincial cuns claros obxectivos técnicos, entendendo que non hai cartos para todo, pero sempre se respondía que había que ter outras administracións que impulsasen isto. É certo que ás veces non queda moi claro quen é o titular da estrada, pero cando chegou o bipartito (que sempre se di aquí que foi un lastre total para esta Comunidade) elaborouse un plan de estradas de carácter autonómico e lembra o que dicía textualmente o que era presidente desta institución naquel momento: *é tan bo tan bo que non o acabo de crer*. Pero chegou ao goberno o Partido Popular e nunca se chegou a executar. É verdade que hai propostas que se presentan que teñen que ver con outras administracións, pero esta casa ten que facer un esforzo, porque ás veces se fan arranxos de pequenas cousas cando se podía acometer unha estrada en concreto, como por exemplo cos cartos que se aprobaron na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

modificación de créditos anterior. Para o seu grupo é importante elaborar un plan que vaia nese sentido, e non se refire a especificar a última focha do último pobo, pero si podemos ter un faro que nos guíe a algo concreto, contando con outras administracións, que tamén se teñen que facer cargo de cousas, porque non é normal que a Deputación teña 1.870 quilómetros de estradas e que outros teñan como moito cincocentos e moitos dos investimentos que se fan en estradas por parte da Xunta de Galicia vaian parar a outras provincias. Se se quere elaborar este plan, é labor do Sr. presidente reivindicar que colabore a Xunta de Galicia ou outras administracións. O plan xa está feito e metido nun caixón, e se hai que melloralo que sexa para a nosa provincia. Anuncia o apoio á moción porque é unha cuestión que o seu grupo leva formulado xa hai tempo, con diferentes matices, pero é algo importante que se podería acometer por parte desta institución.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, émbralle ao Sr. Gómez Pérez, en canto ao plan do que falou, que aquel presidente, ao que bota de menos, dixo nunha ocasión algo moi expresivo: *cando a esmola é moita ata o santo desconfía*. Efectivamente, aquilo tiña máis que trampas, tiña cousas raras. De todos modos os tempos de agora son outros e en Ourense a cidadanía xa está chea de plans que logo non se fan. As cousas hai que facelas cando son viables. Dille ao Sr. Iglesias Pérez que hoxe prometeu que on ía dicir pau se remas, pau se non remas, pero o vai ter que dicir, porque resulta que se non van as máquinas da Deputación onde goberna a oposición son uns caciques e se van tamén o son, e pide que lle explique onde está o xusto termo, porque se se ve a máquina amarela que pon Deputación son os do PP. Disto quita a conclusión que, por exemplo, o Sr. Iglesias Pérez non quere as máquinas nin as brigadas da Deputación no seu concello en época de eleccións nin durante o ano. Anuncia o voto en contra da moción, porque non se pode aprobar facer o que xa se está facendo. Mostra un plan feito polos servizos técnicos referido ás estradas, que é un programa de conservación de estradas da rede provincial para o ano 2014, que supera os oito millóns e medio de euros só en mantemento (está falando de entre 4.055-4.600 euros/quilómetro). Isto son números e o demais e facer demagogia por aquilo de que a proposta é miña. Neste tema trabállase a diario e é un servizo que funciona ben. Pide que se valore o traballo dos técnicos (non aspira a que se valore o traballo político). En relación co punto anterior, dille ao Sr. Gómez Pérez que nunca dixo que as normas estivesen mal, dixo que había que revisalas, utilizando incluso terminoloxía que está dentro da emenda de substitución. De todos modos ninguén lle cuestionou o procedemento que se segue: solicitude dos concellos, valoración técnica, económica e de necesidade e decisión do Sr. presidente, que para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

iso está aquí, para resolver (para o Grupo Socialista resolver é un antollo).

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que é un *liante* e reafírmase no dito anteriormente, preguntou en época electoral e el contéstalle en época electoral e non dixo ningunha barbaridade porque sabe perfectamente por onde vai. Non respondeu nada sobre o punto número un da moción e cre que esa opción non está contemplada no programa que mencionou o portavoz. Di que hai 260 estradas distintas, de 1.840 quilómetros de lonxitude que se corresponde con 12 comarcas e que ten 18 brigadas para o seu mantemento e conservación. Comarcas que posúen unha orografía complexa e que van desde os 87 quilómetros de Trives ata os 303 de Ourense. Isto dá idea da necesidade de pór racionalidade á hora de decidir como e de que maneira se invisten os cartos, (incluído o millón de euros do que se falou). No BNG teñen a sensación, ao igual que ten acontecido con moitos servizos públicos, que o Partido Popular actúa sempre do mesmo xeito. Primeiro deixando que cada vez a degradación sexa máis evidente, para xustificar logo a necesidade da súa privatización, algo que o presidente ten insinuado con respecto ao servizo de vías e obras. Non se pode esquecer que esta Institución conta no seu cadro de persoal, só para o servizo de vías e obras, con 257 traballadores, entre funcionarios, persoal laboral fixo, indefinido e temporal, que consume un orzamento anual de máis de 9,5 millóns de euros, un 13% do orzamento total da Deputación. Do total dos 257 traballadores/as adscritos a Vías e Obras, figuran dous enxeñeiros superiores, un arquitecto superior e un arquitecto técnico, tres enxeñeiros técnicos, dos cales unha praza está vacante por xubilación e outro acaba de xubilarse en días pasados, co cal, para os efectos prácticos tan só hai un enxeñeiro técnico. O resto compóñeno uns cen legoeiros, quince albaneis, setenta e tres choferes e condutores de maquinaria e vehículos, e un número importante de celadores e persoal administrativo. O feito de que haxa dentro do cadro de persoal un elevado número de persoal de oficios e de baixa cualificación (sen entenderse mal este cualificativo) obedece, ao modo de ver do BNG, non tanto ás necesidades de ter unha mellor conservación viaria, senón ao enchufismo e á política clientelar que durante anos se veu desenvolvendo nesta institución. En todo caso non establece un servizo ben dimensionado e profesionalizado que permitira facer o maior número de obras por administración sen ter que recorrer a empresas de fóra. Resulta evidente que o grupo de goberno, e o Sr. presidente en concreto, que presume de ter racionalizado o cadro de persoal da Deputación, non só non o conseguiron, senón que continúa pola senda encetada polo seu pai, dedicándose á política curtoprazista de tapar o buraco e resolver as cuestións que os alcaldes do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

seu partido lle trasladan, dilapidando diñeiro público e mantendo unha administración obsoleta e pouco funcional na que os únicos cambios perceptíbeis son os que teñen que ver coa nomenclatura dos servizos. Para o BNG é unha mágoa que non se vote a favor desta moción, porque a ven na mesma liña que a anterior que presentou o Grupo Socialista, xa que sería bo para esta institución acometer esta serie de medidas. Non obstante examinarán o programa do que falou o Sr. Álvarez Dobaño, pero queda unha parte moi importante que é a titularidade e habería que resolvela canto antes, posto que non é o mesmo acometer unha previsión de gasto para mellora de infraestruturas en 1.840 quilómetros de lonxitude ou que a institución superior (a Xunta) asumira parte dese trazado e polo tanto poder investir máis cartos, por iso propoñen a moción cos tres puntos de acordo na secuencia que está.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que chega á conclusión de que non se pode vir con boa actitude a un pleno. Cre que falou deste tema con bastante criterio e non se meteu en moitas fonduras. Cando se fala de elaborar plans e se di que se está farto de plans a quen habería que dicirlle iso é ao Sr. presidente, porque iso pasa cos observatorios, que aínda van fuxir as aves migratorias de tanto que se observan. Antes referiuse a que se collese un plan xa feito onde viña recollido quen tiña que ter as competencias e trasladalo á Deputación para ver se se podía acometer. Debe ser o grupo de goberno o que lle ten que trasladar á Xunta isto e reivindicar o que é bo para a provincia. Isto pasaría por ter moitos menos quilómetros de estradas (ao igual que outras deputacións). Pensa que neste tema o grupo de goberno fracasa estrepitosamente, posto que non se poden queixar de que teñen moitas competencias e despois non intentar nada para arranxalas. Xa ten dito en máis ocasións que o labor do Sr. Álvarez Dobaño é excelente, porque defender certas actitudes aquí é bastante complicado. O portavoz popular dixo que había un plan elaborado (que van pedir porque non o coñece) e supón que o gasto dese millón de euros do que se falou nun punto anterior se baseará nes criterios técnicos. Manifesta que non bota de menos ao anterior presidente (nin de máis a este) pero quere resaltar que polo menos o anterior tiña valentía, aínda que estivese facendo o que non debía, debido a que non pode ser que se diga que os técnicos teñen a culpa das cousas cando convén. Explica isto que di cos seguintes exemplos: cando hai problemas coa Real Banda de Gaitas é problema do técnico; cando hai problemas co tema dos cabalos quen ten que defender aos funcionarios é a oposición, porque o señor presidente non os defendeu; cando hai problemas coas depuradoras é por culpa dos técnicos; cando se acaba indo ao xulgado os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

problemas son dos técnicos. O Sr. presidente só está para facer a foto das cousas que se venden ben, nas que se venden mal nunca aparece. Pregunta quen ten a responsabilidade de que non se lle entreguen os contratos que solicitou de Aquaourense, se o Sr. presidente ou lle van ter que pedir un informe á CÍA, xa que lle deron a resposta, como se o estivesen acusando de que ía cometer un delito antes de cometelo, dicíndolle que hai que protexer os datos das persoas e o Grupo Socialista nunca dixo que non fose así, e se non o fixeran así era cando os tiñan que denunciar, e non entregar documentación baseándose nos informes dos técnicos por se posiblemente llos entregan a non sabe quen. En canto ao plan de obras di que esta cuestión se leva pedido moitas veces e o grupo de goberno ten que explicar porque non o quere acometer, pero sen falsear a realidade dicindo que xa hai un plan. Se ese plan recolle as necesidades prioritarias da provincia e se se inviste ese millón de euros nesas prioridades, virá aquí e daralle a razón ao portavoz, pero moito se teme que non vai ser así.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Iglesias Pérez que o plan foi elaborado polos técnicos e recolle prioridades, as dispoñibilidades orzamentarias serán outras, e se non o fan ben a oposición está para criticar. O Sr. Iglesias referiuse ao primeiro punto da proposta de acordo e dille que non sabe moi ben que queren dicir cun plan de recomposición da titularidade da rede viaria da provincia. Di que non sabe porque se ten que crear unha comisión, posto que xa existe nesta Deputación a comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación que se reúne todos os meses (é pódese reunir máis veces). Pensou que eran defensores a morte da xestión directa, pero pode observar que só defenden esta xestión na prestación de servizos cando gobernan, cando non gobernan é a xestión indirecta.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, reitérase no dito de que o portavoz popular é un *liante*. Di que se entende perfectamente que as competencias nesa materia son de quen son, e se é a así que asuma a súa responsabilidade e que poña o orzamento enriba da mesa para cumprilo. A comisión que pide na súa moción non é unha comisión desta casa, posto que estaría composta por membros doutros organismos, e non ve onde está o problema. En canto á xestión directa ou indirecta di que estamos falando dun tema en concreto, pero se se analizan globalmente as actuacións desta casa pódese ver que vai encamiñada á xestión privada, externalizada e en beneficio duns poucos que o grupo de goberno ten na mente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, pregúntalle ao presidente (que acaba de aprobar un Código Ético con bastante bombo e pratiño) qué lle parece que na explotación da cafetería La Central, anexa ao hotel San Martín, se vulneren os pregos de concesión administrativa do Concello de Ourense, e onde aparece a súa parella na sociedade que está a explotar a cafetería. Pregúntalle tamén ao presidente cómo valora, dentro do Código Ético, a rolda de prensa do vicepresidente, facendo unha valoración dos resultados en clave local na sede da Deputación e se estas actuacións van ir a estudo na reunión do comité do Código Ético.

O **Sr. presidente**, con relación coa primeira pregunta, lembra que o Código Ético é unha norma de aplicación nesta Deputación e que, con independencia de que se votase a favor ou non, é imputable aos cargos electos e ao persoal ao servizo da administración pública. O Sr. Rodríguez Puga fai unha denuncia e haberá que clarexar que é o que pasa e despois falarase do que se trate na comisión informativa que veñen de pedir os compañeiros do portavoz do BNG no Concello de Ourense. Con respecto á segunda pregunta, e segundo o informan, cre que na rolda de prensa que deu o vicepresidente, unha vez que falou do que tiña que falar, que era o obxecto desa rolda de prensa, deu esas declaracións. En todo caso, unha vez que se constituía o comité de ética pódese levar esta cuestión a el para que decida. Informa que conforme se recolle no artigo 15 do Código, este comité se constituirá no prazo establecido.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, anuncia que ten tres preguntas, dúas sobre o Código Ético e outra máis. Facendo referencia aos cargos públicos e funcionarios desta casa, o Código Ético di que xestionarán os recursos públicos con eficiencia e non utilizarán ningún ben público para intereses privados, con respecto a isto pregunta se o Sr. presidente ten constancia de que a famosa cámara que se mercou nesta Deputación por 6.000 euros se estea utilizando para actos de partido, tendo en conta que hai formas de mirar onde, cando e qué fotos se quitaron. En canto á segunda pregunta di que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acaba de ratificar as tres sentenzas do contencioso no que está afectado o alcalde de Xinzo, e logo disto pregúntalle ao Sr. presidente qué máis ten que pasar para que o Sr. alcalde de Xinzo asuma a súa responsabilidade e dimita do seu posto, ou qué máis ten que pasar para que o Sr.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

presidente, como presidente desta institución e presidente do Partido Popular, lle esixa esa dimisión. En terceiro lugar di que despois da información que saíu nos medios sobre o persoal da recollida do lixo, pregúntalle á Presidencia se dá por concluídas as negociacións.

O **Sr. presidente** responde, con relación ás cuestións que teñen que ver co Código Ético, que lle agrada que lle preocupen e que entre na dinámica de preguntar por esa cuestión, polo que lle dá a benvida a ese tema. En canto á primeira pregunta contesta que en ningún momento se utilizou ningún ben público desta institución para ningún acto de carácter partidista. No Código Ético recóllese que non se deben mesturar ambas situacións, en canto a que el está aquí como presidente desta institución, polo que as preguntas deben dirixirse a el como tal e non como presidente do Partido Popular, e en relación coa cuestión sobre o deputado provincial e alcalde de Xinzo, relacionada co Código Ético, di que nin no Código Ético da Deputación nin en ningún outro que se poida achegar doutra institución se establece ningún tipo de relación en canto á situación procesual dos membros desa corporación, polo que non ten nada que dicir a respecto diso, simplemente reivindicar a presunción de inocencia para todo o mundo e o normal funcionamento do Poder Xudicial e dos órganos xurisdiccionais. A terceira pregunta relacionada co persoal da recollida de lixo, contesta que quen dá por pechadas as negociacións é a comisión negociadora, que durante meses estivo negociando as condicións do traspaso e chegou a un acordo.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, roga que xa que o dominio .gal parece que vai funcionar, que se faga o mesmo que se fixo co .es, é dicir, que desde a Deputación se poida facer isto.

O **Sr. presidente** manifesta que toma nota do rogo e informa de que xa se está traballando niso.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que ten varios rogos e algunha pregunta. En primeiro lugar rógalle á Presidencia que se informe ben, porque o Sr. vicepresidente, na rolda de prensa, valorou os resultados electorais sen ningún tipo de cuestión que teña que ver con esta casa, polo que non se está a cumprir co Código Ético. En segundo lugar pregúntalle á Presidencia se ten constancia de que as contratacións técnicas que se fan no Pazo dos Deportes coinciden co persoal que se despediu previamente no ERE que acometeu tan pronto chegou aquí, porque se isto é así daríalle a razón a el cando di que o presidente fai unha cousa e a contraria, contratando en “B”. Pregunta tamén cando se lles vai

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

facilitar (ou se teñen que recorrer ao Consello do Estado) a relación do persoal dependente de Aquaourense, como sociedade mixta desta casa, xa que non hai problema en sacar á luz pública ao persoal que se pretende privatizar noutras cuestións tampouco o tería que haber con este. Con isto cre que se está vulnerando o dereito á información nesta casa.

O **Sr. presidente**, en relación coa famosa rolda de prensa, di que, lendo o Código Ético da Deputación, esas declaracións do vicepresidente de carácter político se produciron unha vez rematada a intervención correspondente á presentación de carácter institucional e en ningún caso –que é o que establece o Código Ético- aparecía en ningún lado nin o logo nin o escudo da Deputación, nin ningunha cuestión destas. Gustaríalle que, xa que tanto interese teñen con este tipo de comportamento nesta Deputación, tamén sería bo que se tivera nas institucións onde gobernan. En relación co ERE e o persoal do Pazo Paz, responde que todos os monitores deportivos do Pazo dos Deportes foron excluídos do ERE. En canto á solicitude da relación do persoal de Aquaourense di que, dado que a Deputación de Ourense ten unha posición determinada dentro do accionariado, solicitóuselle un informe ao secretario xeral, que foi o que se lle remitiu ao Grupo Socialista, á espera doutro tipo de xestións. Non se lle negou a resposta, senón que se lles remitiu un informe, e supón que o portavoz socialista tamén estará interesado en que se respecten todas as garantías cando desde unha institución se solicitan determinados datos.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que lles quedou constancia de que a mencionada cámara non se utilizou para actos do Partido Popular e que se cadra se vai extralimitar na súa petición, pero, das fotografías que se fixeron públicas dos actos electorais do partido, non terá ningún en problema en facilitar a súa comprobación para saber se realmente son desa cámara ou non, xa que isto se pode saber.

O **Sr. presidente** responde que non ten ningún problema.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, roga que a documentación requirida polo seu grupo se entregue en calquera das dúas linguas oficiais (castelán ou galego), porque a entrega dun dossier de 154 páxinas en inglés parécelles unha provocación, gañas de xerar polémica e non saben moi ben o que perseguen porque non é a primeira vez que ocorre isto. Con isto estase limitando o poder de control e fiscalización. En relación coa polémica cámara, pregunta sobre a traballador da Deputación que fai as fotografías, que segundo se ve está deixando de facer o seu traballo de auxiliar administrativo para estar sacando fotografías, e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

se se lles esixe aos traballadores que cumpran co seu posto e co horario, por qué non se lle fan as mesmas esixencias a este traballador. Unha solución podería ser crearlle unha praza específica ou facer unha reasignación de funcións. Pide que se lle explique dunha vez, porque non van estar preguntando sempre o mesmo.

O **Sr. presidente** responde que se se está sempre co mesmo é porque a deputada está sempre coa mesma cuestión. En canto á documentación que se lle facilitou en inglés, di que o Grupo Socialista solicitou copia do proxecto, e o proxecto é o que se lle remitiu e está nesa lingua, non hai outro. O Grupo Socialista ten todo o dereito a solicitar unha tradución e os servizos técnicos intentarán traducilo. En canto ás cuestións relacionadas coa persoa que se ocupa de facer as fotografías para dar cabida aos contidos da páxina web, di que está realizando o traballo que se lle encomenda e cumprindo instrucións da Presidencia. É un funcionario adscrito á Presidencia da Deputación e realiza o seu traballo con completa satisfacción.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que sempre se responde o mesmo, erre que erre. Fai outra cuestión relacionada coa cámara que custou 6.000 euros e que segundo os propios profesionais da provincia é a máis cara e dille á Presidencia que con 6.000 euros se pagan 15 mensualidades da RISGA, polo que pregunta (unha vez máis, porque xa o preguntou cre que hai dous plenos) por qué se mercou unha cámara tan cara en época de crise, xa que isto parece unha ousadía. Reitera a mesma pregunta que fixo o deputado do BNG, por qué se usa a mesma cámara para facer traballo institucional da Deputación e traballo orgánico do Partido Popular.

O **Sr. presidente** manifesta que non foi hai dous, senón tres plenos cando lle preguntou o mesmo, e vai responder o mesmo: adquírense os materiais cuxas propostas se elevan á Presidencia e se esta xulga oportuno mercar este tipo de material, mércase e utilízase unicamente no ámbito institucional, como non podía ser doutro xeito.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, pregúntalle ao presidente se desminte que se estea utilizando esa cámara nos congresos que o Partido Popular celebra ao longo e ancho de toda a provincia.

A continuación prodúcese un intercambio de palabras entre o Sr. presidente e a Sra. Morenza Doforno no que o primeiro di que esta é a quenda de rogos e preguntas e non un diálogo e a Sra. Morenza di que é porque o presidente non contesta as preguntas, ao que este responde que xa lla está respondendo pero que non vai responder o quere oír a Sra. Morenza.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que o dos traballadores do Paco Paz terase que ver, porque a resposta non coincide para nada coa súa apreciación. Pregúntalle ao Sr. presidente, falando de novo do Código Ético, se ten constancia de que unha asociación á que se lle deu unha subvención coincide coa mesma asociación que lle vai poñer unha placa ao Sr. presidente no seu local.

O **Sr. presidente** responde que non sabe do que está a falar o Sr. Gómez, pero que en todo caso iso non é algo que regule o Código Ético, e dille ao Sr. Gómez que lle diga de qué asociación se trata. De todos modos parece que á conclusión á que quere chegar o Sr. Gómez é que iso é un incumprimento do Código Ético, polo que lle pide que o lea ben e xa verá que iso que parece invocar o Sr. Gómez non encaixa para nada no suposto de feitos regulados na disposición adicional do Código Ético á que pretende facer referencia.

O **Sr. Gómez Pérez** di que lle dirá quen é no vindeiro pleno, e dille ao presidente que se perde nas cuestións, volvendo darlle a volta, as administracións que subvencionan a asociacións para vangloriar a quen sexa é o mesmo para eles, non hai cuestións do Código Ético, é cuestión das persoas.

O **Sr. presidente** pídelle que non mesture as cousas.

D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular, di que por alusións ten que lle contestar ao Sr. Iglesias Pérez (que parece ter fixación con el, imaxina que é porque é incómodo e molesto). Informa que as tres sentenzas ás que aludiu o Sr. Iglesias Pérez son contra o Concello de Xinzo de Limia e non contra o alcalde de Xinzo de Limia. Xa sabe que lle gusta mesturar allos con cebolas pero quere que isto quede claro e que cando lle pasen a información ao Sr. Iglesias que sexa veraz. Adianta información sobre asunto e di que son 9 traballadores e 4 contratos. Hai uns recursos ao TSXG contra o concello de Xinzo e non ten nada que ver co alcalde. O alcalde de Xinzo ten un procedemento aberto en fase de instrución por unha presunta prevaricación deses contratos. Cando se remate a instrución e o xuízo oral, poderán facer as preguntas correspondentes. Por todo isto roga que o que se afirme que sexa veraz e non para que saian as notas correspondentes nos medios de comunicación.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pregunta se está dentro do procedemento que na quenda de rogos e preguntas dirixidas ao presidente poida responder un deputado do Partido Popular.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de maio de 2014
--

O **Sr. presidente** manifesta que el xa respondeu no seu momento e o Sr. Pérez Rodríguez pediu a palabra para facer un rogo por alusións ao que se dixo por parte do deputado do BNG e anuncia que as alusións non abren debate no pleno.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, roga que non se interprete mal cando fai alusión a algún dos membros do pleno, xa que non é sobre a súa persoa nin ten fixación con ninguén nin o molesta ninguén, simplemente fai o seu labor político, polo que roga que se interprete así.

O **Sr. presidente** toma nota do rogo.

E, ás 13.45 horas do citado día trinta de maio de dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,